

FESTAS DO SAN CRISTOVO DO EIXO

O Combo Dominicano, prato forte dos festexos no Eixo

A parroquia compostelá celebra desde hoxe as festas na honra do patrón ➤ A recoñecida orquestra actúa na verbena desta noite

B. C. [SANTIAGO]

A parroquia compostelá do Eixo engalánase para celebrar as súas tradicionais festas na honra a San Cristovo, ao Santísimo e a San Antón. Esta festividade de carácter relixioso promete tres días de fervor, música e diversión, desde hoxe e ata o venres 12 de xullo.

Este mércores, 10 de xullo, os festexos principian cunha procesión do San Cristovo polas rúas do Eixo ás 12.30 horas. A devoción continúa ás 13.15 horas cunha misa solemne na honra do patrón desta parroquia, seguida dunha gran sardiñada popular que reunirá a veciños e visitantes para compartir e gozar deste tradicional manxar. A sesión vermú estará amenizada polo dúo Reflejos, garantindo un ambiente festivo e animado. A xornada culminará cunha vibrante verbena nocturna, protagonizada polas orquestras Cinema e unha das máis célebres de Galicia, O Combo Dominicano, que lle porá ritmo a estas festas e promete facer bailar a todos os

asistentes no campo da festa do Souto.

O xoves 11, as celebracións continuarán cunha misa solemne na honra a San Antón ás 13.00 horas, seguida dunha nova sesión vermú co dúo Reflejos. A noite será testemuña doutra espectacular verbena, esta vez coas actuacións das orquestras América de Vigo e Gran Parada, que levarán a alegría e a música ata altas horas da madrugada.

O XOVES HABERÁ
MISA SOLEMNE,
SESIÓN VERMÚ E
VERBENA COA
AMÉRICA DE VIGO E A
GRAN PARADA

O venres 12 de xullo, a festividade culminará coa misa solemne na honra ao Santísimo ás 13.00 horas. Ao termo da cerimonia, os



A popular orquestra galega actúa esta noite nas festas do Eixo // José Lores

asistentes poderán gozar da sesión vermú en Souto, amenizada por José Manuel (Abanico). A tarde estará dedicada aos máis pe-

quenos con Infantilândia e diversos torneos no Souto a partir das 17.00 horas. A noite pechará cunha verbena a cargo das forma-

cións Galilea e Tania Veiras, e unha deliciosa chocolatada con churros gratuíta para todos os presentes poralle o ramo a esta edición.



As festas de verán do Eixo na honra do patrón prolongarante ata este venres // Antonio Hernández

Modesto Vázquez

VENTA - ALQUILER - REPARACIÓN

www.modestovazquez.com | info@modestovazquez.com

Formarís, 19 baixo
15884 Santiago
Tel. 981 888 016

Hnos. Liste Forján, 15
Calo, 15866 Teo
Tel. 981 548 349

Travesía do Sisto, 1
15893 Marrozos
Tel. 981 539 821

ELECTRICIDAD

SUSO, S.L.

- Instalaciones eléctricas de obras
- Interfonos, antenas TV parabólicas
- Presupuestos sin compromiso

Sta. Lucía - Balado SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf.: 981 54 92 97 Móvil: 609 84 72 58

REPSOL

IS. Estación de Servicio Santa Lucía

FROIZ

Siempre a su servicio

SUPERMERCADO,
Y CAFETERÍA
Y LAVANDERÍA
AUTOSERVICIO

En Santa Lucía
tu comida de cada día

Gran variedad de comida casera para llevar y también
por encargo para tus reuniones, fiestas, eventos...

¡Y AHORA
TAMBIÉN EN
SANTIAGO DE
CHILE, 15 TE
OFRECEMOS
MENÚS!!
T. 881 047 292

COMIDA CASERA

PARA LLEVAR

Ctra. Nacional 525 Lalín-Orense • Santa Lucía • Santiago (a 2 km. del Corte Inglés) • essantalucia@hotmail.com
www.estaciondeserviciosantalucia.com ☎ 981 817 407 | Abierto de lunes a domingo de 7 a 23 h